

THE BRUTALIST

Brady Corbet, 2024


1452

ESTREA EN NUMAX: 31.01.2025 | V.O.S.E. | +16 | 215 min

Fuxindo da Europa de posguerra, o visionario arquitecto László Toth chega a Estados Unidos para reconstruír a súa vida, a súa obra e o seu matrimonio coa súa esposa Erzsébet tras vérense obrigados a separarse durante a guerra a causa dos cambios de fronteiras e reximes. Só e nun novo país totalmente descoñecido para el, László establécese en Pensilvania, onde o adineirado e prominente empresario industrial Harrison Lee Van Buren reconece o seu talento para a arquitectura. Pero amasar poder e forxar un legado ten un prezo...

«Unha obra mestra de dimensións colosais. Á sorpresa inicial únese axiña a fondura, a emoción, o desgarrro e a simple beleza»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Brady Corbet: «Gústame os personaxes que buscan como mostrar o seu mundo interior sen palabras»

Por Laura Pérez

Nunha industria dominada polo algoritmo optou pola vía máis difícil. Que recompensa ten saírse tanto do camiño habitual? É increíble todo o que está a ocorrer con este proxecto porque é moi radical. Dáme esperanza, faime sentir optimista de cara ao futuro, non só polos meus proxectos, senón polo propio medio.

É unha película complexa que aborda moitos temas como a devastación europea tras a Segunda Guerra Mundial, a toxicidade do capitalismo ou a identidade xudía. Tamén é unha historia de amor e de supervivencia. Cal destes asuntos lle interesaba por riba dos demais? Quería facer un filme sobre a posguerra, fascíname esa época dos anos 50 en Estados Unidos, que foron unha especie de experimento social. Hai algo interesante en todos estes políticos conservadores de agora que cren que foi a mellor época do noso país. O slogan 'Make America Great Again' fala deses valores de amas de casa que tiñan a cociña sempre limpa e a cea lista. Mentres, o trauma vivíase por dentro porque facer públicos os sentimentos non estaba ben visto. Por iso pensei neste home que non pode expresarse verbalmente, xa que non fala inglés, e se comunica a través do seu traballo. Gústame os personaxes que buscan como mostrar o seu mundo interior sen palabras. Tamén me interesa o brutalismo como metáfora de como a psicoloxía de posguerra moldeou a arquitectura desa época e os grandes deseñadores da Bauhaus crearon obras como resposta á destrución que viran en Europa.

Fala de inmigración e do soño americano dos que veñen de fóra. Resulta máis vixente agora, co segundo mandato de Donald Trump? Hai algo interesante e é que empezamos a escribila en 2017, durante a súa primeira legislatura e cando non contabamos en absoluto con que houbese unha segunda. Nese ano ditou unha orde executiva que dicía 'Make Federal Buildings Beautiful Again' (*Fagamos os edificios federais bonitos outra vez*) que propoñía basicamente demoler os edificios oficiais brutalistas e substituílos por outros de estilo neoclásico. Estou seguro de que se lle preguntásemos a Trump por Albert Speer (o arquitecto nazi ideólogo do estilo clásico hitleriano) non sabería dicir quen é, pero hai unha estraña coincidencia no amor destes autócratas por ese tipo de arquitectura.

A biografía de László Tóth, o protagonista, aseméllase á de moitos arquitectos ou artistas xudeus fuxidos de Europa como Walter Gropius, Marcel Breuer ou Moholy-Nagy. O personaxe está libremente inspirado en Marcel Breuer, pero o certo é que está escrito pensando simplemente nas súas circunstancias. É xudeu porque era o predominante entre os membros da Bauhaus de Europa central e do Leste, que se tiveron que marchar cando a escola foi pechada polos nazis. Simplemente eran as circunstancias de moitos.

Publicado en fotogramas.es